



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



AXUDAS PROMOCIÓN EMPREGO AUTÓNOMO.

LIÑAS DE AXUDA

LIÑA 1: unha axuda para o inicio da actividade económica e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma. (**MÍNIMO 2.000 €, MÁXIMO 7.000 €**)

LIÑA 2: unha axuda para sufragar os gastos do mantemento da actividade por conta propia, equivalente a 12 meses da contía da cota reducida regulada no apartado 1 do artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.
(**COTA REDUCIDA 2024: 80€ X 12 MESES= 960 €**)

PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS.

LIÑA I

- a) Estar inscrita como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, no momento da alta en vida laboral como persoa autónoma ou, no caso de mutualistas, mediante certificado da mutua, carecendo de ocupación efectiva segundo informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.
- b) Ter iniciada a actividade segundo definición do artigo 6.3 con anterioridade á presentación da solicitude da subvención, e non ter ningunha alta anterior como persoa traballadora autónoma nos tres anos inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.
- c) Atoparse de alta no imposto de actividades económicas.
- d) Desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia (segundo a alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037).
- e) Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade a solicitude da axuda.

LIÑA 2.

- a) Ser persoa autónoma beneficiaria da cota reducida regulada no punto 1 do artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, no momento de presentación da solicitude.
- b) Estar inscrita como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, no momento da alta en vida laboral como persoa autónoma ou, no caso de mutualistas, mediante certificado da mutua, carecendo de ocupación efectiva segundo informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.
- c) Ter iniciada a actividade segundo definición do artigo 6.3 con anterioridade á presentación da solicitude da subvención.
- d) Atoparse de alta no imposto de actividades económicas.
- e) Desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia (segundo a alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037).
- f) Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade a solicitude da axuda.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



LIÑAS DE AXUDA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

LIÑA 1.

1.1. 2.000 € para persoas desempregadas en xeral.

1.2. 4.000 € para o caso de persoas desempregadas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- a) Persoas menores de 30 anos
- b) Persoas desempregadas de longa duración.
- c) Persoas desempregadas con discapacidade o en situación de dependencia.
- d) Persoas desempregadas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.
- e) Persoa desempregadas que teñan a condición de emigrante retornada.
- f) Persoa desempregadas que teñan a condición de estranxeira.
- g) Persoas maiores de 52 anos.

1.3. A contía base correspondente incrementarase nun 15 % nos seguintes casos:

- a) Se a persoa incorporada é unha muller.
- b) No caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural.
- c) Persoas maiores de 45 anos (incremento non aplicable á letra g) do punto 1.2 deste artigo).
- d) Persoas trans.
- e) Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada, segundo informe do Instituto Galego das Cualificacións que se reflicte na lista que figura no anexo III.

Estes cinco incrementos son acumulables e deste xeito **a contía máxima posible**, de aplicárense todos os incrementos, **sería de 7.000 €**.

LIÑA 2.- Unha axuda para a sufragar os gastos do mantemento da actividade por conta propia das persoas desempregadas que se inician como traballadoras autónomas, equivalente a contía da cota reducida regulada no punto 1 do artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, multiplicada por 12, e sempre que se acollan á citada redución. O importe da dita contía será o determinado polo Real decreto lei 13/2022, do 26 de xullo, polo se establece un novo sistema de cotización para os traballadores autónomos e se mellora a protección por cese de actividade.

(Cota reducida ano 2024: 80€ x 12 meses = 960€)

PRAZO PARA SOLICITAR: Dende o 16/01/2024 ata o 29/09/2024

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO 981778169. (Lourdes).